

Dona KATHERINIE VARELA FERNANDEZ, na súa calidade de Portavoz do Grupo Municipal Popular no Concello de Monforte de Lemos, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación municipal, a seguinte

**PROPOSTA DE ACORDO PARA INSTAR AO EQUIPO DE
GOBERNO DO CONCELLO DE MONFORTE A CUMPRIR O
INFORME DE INTERVENCIÓN DA CONTA XERAL 2024.**

ANTECEDENTES

Como cada ano, o equipo de goberno presenta nos primeiros meses do ano a conta xeral do ano anterior, que sempre vén acompañada por diversos informes de intervención.

Este ano queremos destacar:

1. O informe de intervención da conta xeral 2024
2. O informe de intervención resumo dos resultados do control interno durante o ano 2024.

Ambos informes poñen de manifesto varios erros que comete este equipo de goberno na xestión económica e que este grupo xa lle vén alertando en distintas ocasións: falta de persoal cualificado; abuso de reparos, é dicir, pago de facturas sen a correcta contratación previa; abuso de subvencións nominativas...

O Concello sempre debe ser escrupuloso na súa xestión, non só polas irregularidades que se poidan dar, senón tamén porque unha correcta xestión dos ingresos e gastos implica unha mellor distribución dos recursos e menor carga fiscal para os cidadáns.



O informe xeral fala de ingresos de taxas que non se realizan de forma correcta e, incluso, algúns carecen da ordenanza correspondente.

O segundo informe é máis amplo e nel se recorda a dificultade de realizar o control financeiro pola falta de medios, prorrogando novamente o plan de control financeiro previsto para 2023.

Este informe recolle a necesidade de que o Concello dea estabilidade ao persoal de carácter temporal, a necesidade de ter mais persoal no departamento de contratos, a necesidade de realizar un maior seguimento na contratación ou limitar as subvencións nominativas e non competitivas, entre outras.

Por todo exposto, o Grupo Municipal Popular presenta a seguinte proposta de acordo:

1. Instar ao alcalde de Monforte e ao seu equipo de goberno a cumprir as recomendacións emitidas nos informes de intervención incluídos na conta xeral do 2024 para acadar unha correcta xestión dos ingresos e gastos do Concello.